

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día tres de febreiro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 27 de xaneiro de 2020.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de inspección ambiental de Galicia. DOG núm. 18 do 28-01-2020.
- Orde do 20 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (código de procedemento TR351A). DOG núm. 18 do 28-01-2020.
- Orde do 20 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR351F). DOG núm. 18 do 28-01-2020.

C.I.F. P-1503100-H

- Orde do 27 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento TR332A). DOG núm. 20 do 30-01-2020.
- Resolución do 19 de decembro de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Secretaría Xeral da Igualdade-, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C). DOG núm. 21 do 31-01-2020.
- Orde do 7 de xaneiro de 2020, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS320A). DOG núm. 22 do 03-02-2020.
- Orde do 8 de xaneiro de 2020, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa Voluntariado Sénior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS508C). DOG núm. 22 do 03-02-2020.
- Anuncio do 23 de xaneiro de 2020, do Consorcio As Mariñas, relativo á aprobación definitiva do orzamento para o exercicio económico de 2020. BOP núm. 18 do 28-01-2020.
- Anuncio do 27 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á modificación das bases reguladoras da convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL Emprande Investimento 2019). BOP núm. 18 do 28-01-2020.
- Extracto da resolución 1444/2020 do 17 de xaneiro, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2020. BOP núm. 20 do 30-01-2020.
- Anuncio do 29 de xaneiro de 2020, da Deputación da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2020. BOP núm. 21 do 31-01-2020.
- Anuncio do 29 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2020. BOP núm. 21 do 31-01-2020.
- Anuncio do 29 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2020. BOP núm. 21 do 31-01-2020.
- Anuncio do 29 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2020. BOP núm. 21 do 31-01-2020.
- Anuncio do 29 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2020. BOP núm. 21 do 31-01-2020.

- Anuncio do 30 de xaneiro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras da convocatoria do Programa de socorismo dirixido a Concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2020. BOP núm. 21 do 31-01-2020.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta a Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Desenvolvemento local, cultura, festas e turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 4 DE FEBREIRO:

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.30 h:

Concerto de cello e piano, a cargo de alumnos/as dos profesores Joaquín García Soto e Vicente Castro. Entrada libre.

MÉRCORES 5 DE FEBREIRO:

Hall do Conservatorio de Música de Culleredo. 18.00 h:

Concerto express: Dúo de violíns. Diego Durán (violín), Martín Ferreiro (vilolín), Cristina Rodríguez (piano). Entrada libre.”

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións emitidas pola Concellería delegada da Área de Política social, mocidade e promoción do deporte:

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
27/01/2020	69	Conceder axuda económica	A.R.M.	Pago de recibo de auga correspondentes ao 4º trimestre de 2018, 1º, 2, 3 e 4º trimestre de 2019.	390,64€
				Pago recibo electricidade correspondente a decembro de 2018, aneiro, febreiro, marzo, abril, maio, agosto, setembro, novembro e decembro de 2019.	515,50€
				Pago de recibos de aluguer correspondente a meses de 2019 e 2020.	168,86€
27/01/2020	70	Conceder axuda económica	J.F.S.V.	Pago de recibos de gas correspondente a os meses de outubro de 2019 a outubro de 2020.	

				Bono de alimentos tipo A durante nove meses e cunha entrega mensual.	
				Bono de hixiene tipo A durante nove meses e cunha entrega mensual.	

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
27/01/2020	64	Concesión estacionamiento tarxeta	M.E.M.	10 anos
27/01/20	65	Denegar estacionamiento tarxeta	C.V.M.	
27/01/2020	66	Concesión estacionamiento tarxeta	I.P.L.	10 anos
27/01/2020	67	Concesión estacionamiento tarxeta	M.D.L.A.R.R.	10 anos
27/01/2020	68	Denegar estacionamiento tarxeta	M.B.S.G.	
28/01/20	80	Concesión estacionamiento tarxeta	J.L.T.A.	10 anos

C.I.F. P-1503100-H

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

1.AREA DE BENESTAR SOCIAL:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Clube +65:**

O Clube + 65 desde o proxecto de homenaxe aos centenarios/as, felicitará o día 6 de febreiro ás 12,00 a J.V.G. con domicilio no Burgo, que cumpre 104 anos, será no seu domicilio en compañía da súa familia . A Concelleira delegada do Servizo de Maiores entregaralle un agasallo institucional.

****Participación social :Culleredo enCLAVE social:**

Inauguración do centro de día da Asociación coruñesa de daño cerebral adquirido de A Coruña

O Concello de Culleredo participou nos actos de inauguración do novo servizo social comunitario específico en Culleredo: **Centro de Día Adaceco Culleredo** promovido pola Asociación do mesmo nome.O centro está autorizado pola Xunta de Galicia co número E-1496-C-2, e situado na Rúa Irmáns Suárez Ferrín, 3, en A Corveira.

O acto inaugural foi ás 11:00h e no mesmo estiveron presentes Carmen Fernández Quiroga, Presidenta da Asociación de Daño Cerebral de A Coruña, Guadalupe Pombo Carril, Alcadesa en funcións do Concello de

Culleredo, Valentín González Formoso, Presidente da Deputación e Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia.

O Centro con 15 plazas en cada turno de mañan e tarde , conta con servizos e tratamentos rehabilitadores, actividades complementarias, de ocio terapéutico, e de estimulación socioafectiva. Todos eles prestados de xeito ambulatorio. A iniciativa xera un total de 18 postos de traballo .

PLAN COORDINADOR DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONSORCIO “AS MARIÑAS”:

Mesa de responsables tecnicos municipais .

O vindeiro venres 7 de febreiro as 13:30 terá lugar unha reunión da Mesa de responsables tecnicos municipais de Servizos sociais dos 8 concellos que integran o Plan Coordinador de Ssss do ente intermunicipal.O motivo nesta ocasion é a presentación ante a mesa técnica de Lúa Sanguiniedo Álvarez , concelleira de Ssss de Cambre ,como responsabe política do Plan Coordinador dos Servizos Sociais.

E ademais tratarase dos Servizos e actuacións do Plan Coordinador de Servizos Sociais: situación actual, perspectivas de futuro e propostas de mellora.

Comité de Ética en Intervencion social -CEIS do Consorcio As Mariñas:

O mesmo dia 7 ás 9:30 reuniranse tamén as 20 integrantes CEIS na sala de actividades do Centro cívico de Fonteculler en Culleredo nunha sesión ordinaria de organización interna deste comité , previa a súa próxima presentación aos equipos técnicos dos 8 concellos .

2.2.3.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada de Participación cidadá, educación e medio rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2019/2020

A) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.

Datas: 3 de febreiro.

Horario: de 10:00 a 13:30 h.

Colexios participantes: CEIP Ría do Burgo.

Curso: 4º de EP.

Nº participantes: 42.

Lugar: biblioteca escolar.

B) ACTIVIDADE: Urbano Lugris.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 3, 4, 5, 6 de febreiro.

Horario: de 9:30 a 13:45 h.

Colexios participantes: CEIP Sofía Casanova, CEIP Vila de Rutis, CEIP Díaz Pardo e CEIP Ría do Burgo.

Curso: 4º EP.

Nº participantes: 175.

C) ACTIVIDADE: Obradoiro de resolución pacífica de conflitos.

Programa: Educación emocional.

Datas: 3, 4, 5, 6 e 7 de febreiro.

Horario: de 9:00 a 13:10 h.

Colexios participantes: CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo e CEIP Vila de Rutis.

Curso: 3º EP.
Nº participantes: 188 x 2 sesións.

ACTIVIDADE: RELACIONAT

Programa: Educación para a convivencia.
Data: 3 de febreiro.
Horario: de 16.00 a 18.00 h.
Colexio participante: IES Eduardo Blanco Amor.
Curso: 4º ESO
Lugar: Aulas.”

2.2.4.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio ambiente, obras e servizos:

- Resolución núm. 50 de data do 22/01/2020, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á actividade de *reproducción de textos ou imaxes por procedementos tales como multcopistas, fotocopias por procedementos fotográficos e electrostáticos, sistemas de reprodución de planos, etc.*, para o local situado na Avda. do Portádego, á D. M. P. S.
- Resolución núm. 51 de data do 22/01/2020, pola que se outorga a licenza municipal núm. 153 para a posesión de animais potencialmente perigosos á D. M. S. P.
- Resolución núm. 71 de data do 28/01/2020, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde da obra *“Reforma para el ahorro energético en los alumbrados públicos de las plazas Santa Gema, As Brañas, R/. Ferrocarril, Celas y urbanización A Ría”*.
- Resolución núm. 72 de data do 28/01/2020, pola que se concede a licenza municipal núm. 431 para a reserva de pasaxe permanente para o espazo destinado a aparcadoiro situado na R/. Paxariñas, con 3 ml., á D. a. V. M.
- Resolución núm. 73 de data do 28/01/2020, pola que se dá de baixa con efectos do ano 2020, a licenza municipal núm. 99 para a reserva de pasaxe permanente situada na Avda. de Vilaboa, da titularidade de D. J. C. Q.

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)